



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

DILIXENCIA APERTURA

Contratación por procedemento negociado sen publicidade para a Contratación das Orquestras para as Festas de San Roque de 2024

Nº expte: 2024/C006/000003

Data e hora de celebración

01/08/2024 ás 09:30 horas

Asistentes: Polo Servizo de Contratación: Pablo Vázquez Pita, Administrativo

Orde do día

1.- Negociación: resposta á solicitude de nova oferta

Procédese á apertura da documentación que as empresas Espectáculos Guti S.L., co CIF B70571989 (LOTE 1), e Dipowagen S.L., co CIF B15701824 (LOTE 2), envían como resposta á invitación do órgano de contratación para a presentación dunha oferta final no marco da negociación do presente procedemento de contratación, resultando que os licitadores se reafirman na súa oferta económica inicial.

2- Proposta de adxudicación

Logo de avaliar as proposicións achegadas polos licitadores, elévase ao órgano de contratación proposta de adxudicación do presente contrato a favor das seguintes empresas:

- LOTE 1 (Orquestras Olympus e Los Satélites): Espectáculos Guti S.L., co CIF B70571989, no prezo total de 42.350,00 € (base: 35.000,00 €, IVE: 7.350,00 €).

Comprobase no ROLECE que a empresa está debidamente constituída e que o firmante da proposición ten poder bastante para formular a oferta. Respecto ao resto de requisitos indicados na cláusula 14 do PCAP, requírase por comunicación electrónica ao licitador proposto para a adxudicación para que aporte a documentación xustificativa de ser o representante das orquestras, así como da solvencia económica, financeira e técnica correspondente, e de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa seguridade social.

- LOTE 2 (Orquestras Ritmo Joven e Charleston Big Band): Dipowagen S.L., co CIF B15701824, no prezo total de 25.410,00 € (base: 21.000,00 €, IVE: 4.410,00 €).

Segundo o indicado na cláusula 14 do PCAP, requírase por comunicación electrónica ao licitador proposto para a adxudicación para que aporte a documentación xustificativa de ser o representante das orquestras, así como de que a empresa estea debidamente constituída, que a persoa asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, de que ostenta a solvencia económica, financeira e técnica correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar, entre as que se encontran as de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Sada, na data da sinatura dixital
Pablo Vázquez Pita